

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011634	IES Politécnico de Vigo	Vigo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	2º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	3
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	6
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	7
6. Medidas de atención á diversidade	7
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	8
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	9
9. Outros apartados	10

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 2º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, e que se configurará neste curso como un proxecto interdisciplinar.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES Politécnico de Vigo situado na rúa Torrecedeira, en pleno centro urbano da cidade olívica. Emprazado ao lado da Escola Universitaria de Enxeñería Industrial e ao carón da Escola de Estudos Empresariais.

O alumnado procede das rúas máis cercanas ao centro dado que non se dispón de autobús escolar e acoden xeralmente a pé, maioritariamente dos centros de Primaria adscritos (CEIP Emilia Pardo Bazán e CEIP Ramón y Cajal).

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Estudo das rúas	Cada grupo fará un estudo das rúas da zona de Beiramar, auditorio e a contorna,	25	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Estudo das rúas	prestando especial atención á Rúa Jacinto Benavente.	25	11	X		
2	Deseño do noso barrio ideal	Cada grupo fará a o deseño da súa zona, facendo fincapé en urbanismo (principalmente tipoloxía de locais, edificios, beirarrúas, equipamentos, etc) e medio ambiente. Comezo dos primeiros planos e deseños.	35	13		X	
3	O noso barrio	Finalización de planos, execución e presentación dos deseños correspondentes.	40	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Estudo das rúas	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia do urbanismo sostible e a súa repercusión na cidadanía.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais necesarios para o estudo da zona.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Deseño do noso barrio ideal	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	O noso barrio	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentación dos deseños realizados.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Urbanismo sostible".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento. A finalidade é fomentar o interese pola lectura, a cultura, a arte, a sostibilidade das cidades e o humanismo científico-tecnolóxico e desenvolver a confianza, autoestima, autonomía e traballo en equipo. O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, explícase a finalidade do proxecto: pescudar e buscar información sobre as rúas da zona de Beiramar, auditorio e a contorna, prestando especial atención á Rúa Jacinto Benavente. Cada grupo deberá escoller unha zona do devandito barrio.

Farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar. Iniciarase nesta avaliación a selección de información e posibles materiais a empregar.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, cada grupo fará a o deseño da súa zona e o comezo dos primeiros planos e deseños.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado, a través de estruturas cooperativas, finalizará os planos e executará e presentará os deseños correspondentes.

Terán liberdade no emprego de materiais e modelos, dándolle a máxima difusión. O proxecto poderá ser difundido nunha exposición no centro.

Neste proxecto, trabállanse todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes materias:

- Matemáticas (xeometría, planos, cálculo de superficies...).
- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...).
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...).
- Xeografía e Historia (espazos e lugares da contorna, historia da industria da zona...).
- Educación en Valores Cívicos e Éticos (comportamento social, respecto á cultura propia...).
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación dos proxectos).
- Bioloxía e Xeoloxía (medio ambiente, sotibilidade, coidado do ecosistema mariño...).
- Tecnoloxía e Dixitalización (uso de ferramentas TIC, de materiais diversos...).

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador e software específico.
Artigos e produtos reutilizables .
Material escolar diverso (papel, pegamento, colas, pinturas...) e ferramentas.

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

Parte das sesións serán levadas a cabo na aula de informática ou similar (uso de equipos portátiles) onde os grupos buscarán a información correspondente e comezarán a redactar as súas propostas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha exploración inicial sobre o coñecemento do barrio e unha chuvia de ideas sobre a situación e as posibles solucións, que será o noso punto de partida para o inicio do noso proxecto. Ademais facilitaranos información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	35	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación e entrega do dossier con toda a información recompilada.
 - SEGUNDA AVALIACIÓN: Traballo en equipo. Adopción de rol concreto. Participación activa. Deseño de planos (fase inicial)
 - TERCEIRA AVALIACIÓN: Finalización dos planos e execución e presentación dos deseños correspondentes.
- Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde...

A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que presentar por escrito na primeira avaliación información sobre o barrio e as súas deficiencias e necesidades, na segunda avaliación un esbozo de planos e deseño e na terceira facer unha concreción do devandito deseño.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final cuxo contido reflexe un esbozo do proxecto a presentar (información sobre o barrio e as súas deficiencias e necesidades, así como posibles solucións propostas).

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao alumnado que durante este curso académico esté en terceiro ou cuarto da ESO con esta materia pendente, esixiráselle o mesmo grao mínimo de consecución que ao alumnado que cursa a materia por primeira vez.

Este alumnado deberá realizar unha proba escrita final cuxo contido reflexe un esbozo do proxecto a presentar (información sobre o barrio e as súas deficiencias e necesidades, así como posibles solucións propostas).

A nota de avaliación corresponderase co resultado obtido na proba.

6. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas tarefas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo

de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X		
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X		X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X		X
ET.4 - Competencia Dixital	X		X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X	
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico		X	
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade		X	

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades de final de curso.	Difusión informativa do proxecto.			X

Observacións:

Exposición do proxecto no centro educativo.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Participación activa de todo o alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto.

9. Outros apartados